

## PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA XUNTA DIRECTIVA DO GALP A MARIÑA-ORTEGAL

A Xunta Directiva do GALP mencionado, en xuntanza celebrada o día 24 de abril de 2026, tendo en conta as alegacións presentadas á PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL publicada o 9 de abril de 2026, segundo o artigo 20.2. da orde de bases de axudas, **ACORDA**

1. Aprobar a **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA**
  - a) De concesión de axudas que figura no **Anexo I** (770-780-760), por orde descendente de puntuación dos proxectos. Xúntase a valoración individualizada das condicións de selección de cada proxecto.
  - b) De desestimación/inadmisión de axudas que figura no **Anexo II**, cos motivos detallados.
  - c) De ser o caso, motivos que fan apartarse da proposta de resolución provisional do equipo técnico ou aplicación do artigo da orde de bases que permite a minoración, limitar a contía de gastos ou establecer contías de subvención para todas as solicitudes no caso de proxectos de accións idénticas.

Aplicación da Orde de Axudas de Minoración ou Limitación dos Gastos:

- a) PE155A-2026-00201- Minoración de 9.239,00.-€ (Erro no sumatorio partidas do PT e gasto de funcionamento non subvencionable (G54) - Art. 10 da Orde de BBRR)
- b) PE155A-2026-00173 -Minoración de 118,48.-€ (I22 Anualidade 2027. Considérase como elixible o reflexado na Memoria do proxecto e no Anexo I de solicitude de axuda - anualidade 2027)
- c) PE155A-2026-00218 - Minoración de 90,77.-€ (I45 por considerarse como elixible o solicitado na Memoria e Anexo I, en I47 por erro en redondeo)
- d) PE155A-2026-00135- Minoracións de 1.269,23.-€ segundo os artigos 10 e 9.2. c), f) e g) da Orde de BBRR)
- e) PE155A-2026-00103- Minoración de 11.589,40.-€ (Partida de "Reparación de Cubierta" (capítulo 02 do PT), Artigo 10.h) da Orde de BBRR)

2. Outorgado e finalizado o prazo de 10 días hábiles para a realización de alegacións, o día 23 de abril de 2026, recíbense alegacións contra a Resolución Provisional da Proposta da Xunta Directiva, publicada o 9 de abril de 2026, formuladas pola entidade promotora do proxecto PE155A-2026-00135 "Descubrinto a anémona".
3. Que en ditas alegacións solicítase revisión da valoración dos investimentos non concedidos, considerados imprescindibles para a correcta execución do proxecto, especialmente no relativo á seguridade nas actividades plantexadas.

Tendo en conta o informe técnico elaborado pola Xerencia do Grupo sobre as alegacións presentadas, a Xunta Directiva aproba:

Estimar parcialmente as alegacións presentadas pola Asociación de Buceo de Galicia (ABUGAL) en relación ao expediente PE155A-2026-00135.

Considerar subvencionables os elementos de equipamiento inicialmente non admitidos, na medida en que:

- Resultan necesarios para garantir as adecuadas condicións de seguridade da actividade
- Constitúen un conxunto funcional completo
- Encóntranse directamente vinculados ao obxectivos do proxecto

Considérase que inda que sexan subvencionables os equipamentos inicialmente considerados non elixibles:

- Na partida de investimento (I71). *Actividade 3 - Actividades prácticas na costa Material de mergullo básico*, segundo informe de perito independente, o **Ordenador GARMIN MK3I 43" C/TRANSD, supera o valor de mercado, polo que se procede minoración**, segundo o artigo 9.2.f) e g), de **1.143,45.-€** (IVE incluído).
- Na partida *Investimento (I71). Actividade 3 - Actividades prácticas na costa: 6 pares de aletas, 4 focos [...]*, o promotor comunica un **erro** no número de unidades nas **boias amarelas** solicitadas (solicita dúas unidades, sendo unicamente necesaria unha unidade), correspondendo unha **minoración de 22,87.-€** (IVE incluído), atendendo ao establecido no artigo 9.2.c) da orde de axudas.

4. Publicar a presente proposta de resolución definitiva no taboleiro de anuncios do GALP así como na páxina web <https://galp.xunta.gal/>, coa advertencia de que esta **non crea ningún dereito a favor dos solicitantes propostos.**
5. Elevar a proposta de resolución definitiva á Consellería do Mar acompañada dunha proposta individualizada coas condicións da selección de cada proxecto, como órgano competente, por delegación, para a resolución da concesión das axudas para proxectos ao abeiro das EDLP aprobadas pola Consellería do Mar aos GALP.

En Viveiro, a 24 de abril de 2026

Visto e prace

A Secretaria do GALP A Mariña-Ortegal



Dna. Diana Durán García

O Presidente do GALP A Mariña-Ortegal



D. Javier Martínez Otero

